

## Concello de Viveiro

---

### **BASES ESPECÍFICAS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DUN TÉCNICO EN INFORMÁTICA COMO PERSOAL LABORAL PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS OU PRESTACIÓNS DE SERVIZOS NO CONCELLO DE VIVEIRO, INCLUIDAS NO PROGRAMA DEPUEMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

#### **1.-OBXETO DA CONTRATACIÓN.**

Por parte do concello de Viveiro vaise proceder á contratación de 8 traballadores para a realización de obras e de prestación de servizos de competencia municipal.

A totalidade dos contratos encádranse no Plan Depuemprego financiado pola Excmo. Deputación Provincial de Lugo mediante o "PLAN ÚNICO 2017".

Este Plan creouse para a realización de programas de dinamización económica, mediante a contratación de traballadores en situación de desemprego, para a execución de obras ou a prestación de servizos de competencia municipal que contribúan ao desenvolvemento económico e social do Concello, en especial, dos seus habitantes.

A presente convocatoria ten por obxecto a selección dun traballador, mediante o sistema de concurso, segundo as bases xerais polas que se establecen as normas para a selección do persoal mediante contratación temporal vinculada ao convenio do Programa Depuemprego "PLAN ÚNICO" para a execución e realización das obras e de prestación de servizos que se relacionan nos apartados seguintes:

#### **2.- CARACTERÍSTICAS DAS CONTRATACIÓNS.**

##### **A. BASES ESPECÍFICAS DO POSTO DENOMINADO: TÉCNICO EN INFORMÁTICA**

**a) N.º de postos que se convocan: 1**

**b) Relación xurídica co Concello.-** Persoal laboral temporal, contrato temporal de duración determinada na modalidade "obra ou servizo determinado" a xornada completa, vinculado ao Convenio coa Deputación Provincial de Lugo "Programa Depuemprego". O contrato terá unha duración de 6 meses. O contrato realizarase dende o 01/04/2018 ata 30/09/2018.

**c) Sistema de selección:** Concurso

**d) Titulacións académicas esixidas para tomar parte no proceso selectivo:** Técnico superior en informática ou técnico superior en desenvolvemento de aplicacións multiplataforma.

**e) Acreditación específica:** Figurar como demandante de emprego no Servizo Galego de Emprego.

**f) Nivel de coñecemento do idioma galego:** Celga 4.

**g) Funcións:** mantemento, supervisión, reparación, creación de scripts,

---

### **Concello de Viveiro**

## Concello de Viveiro

automatización de tarefas sobre os servidores e os seus sistemas operativos e aplicacións. ... Mantemento e supervisión de equipos informáticos. Mantemento da páxina web do Concello de Viveiro e da dixitalización de documentos.

### h) Baremo concurso:

A puntuación máxima do baremo de méritos será de 16 puntos, segundo o establecido na base 8 das bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro a través de programa Depuemprego.

NÚM. TRAB.	GRUPO COTIZAC. SEG. SOC.	OCUPACIÓN	CNAE 2009 OCUPACIÓN	SALARIO BRUTO (1)	CUSTO UNITARIO MENSUAL			CUSTOS TOTAIS		
					%COTA PATRONAL L SEG. SOC.	COTA PATRONAL A SEG. SSOCIAL	TOTAL CUSTO MENSUAL	DURACIÓN CONTRATO EN MESES	TIPO XORNADA %	CUSTOS SALARIAIS TOTAIS
1	5 C1nivel 18	Técnico en informática	8411	1.297,18 €	32,10%	416,40 €	1.713,58 €	6	100%	10.281,48 €
TOTAL SUBVENCIONABLE										10.281,48 €

Período de proba: O traballador terá un período de proba de 15 días. No caso de que o traballador non pase este período, será substituído polo que se sitúe en primeiro lugar da lista de reservas.

O contrato iniciarase cando así o determine A Alcaldía, en base aos prazos e datas de inicio dos servizos nos que o traballador contratado prestará os seus servizos.

### 3. REQUISITOS DOS SOLICITANTES.

Os establecidos con carácter xeral nas bases xerais e específicas coa titulación esixida para dito posto.

Viveiro, á data que consta á marxe

A ALCALDESA

María Loureiro García

**(Documento asinado dixitalmente á marxe)**